

POSIBLES IDEAS PARA  
UNHA HOMILÍA CON NENOS  
26 MAIO 2019

**A Palavra de Deus é Xesús**

**e resoa polo Espírito....**

**1. VER: Onde esconder a Deus?**

-Deus estaba canso de nós porque sempre estabamos molestándoo, pedíndolle cousas. Así que pensou: *“vou agocharme por un tempo”*. Reuniu aos seus anxos e preguntoulles: *“onde debo agocharme?”*. Algúns dixeron: *“agóchate detrás da montaña máis alta da terra”*. Outros: *“non, agóchate no fondo do mar, non van acharte alí”*. Outros dixeron: *“non, agóchate do outro lado da lúa, nunca poderán atoparte”*.

Entón Deus volveu cara ao máis intelixente dos seus anxos e inquiriulle: *“onde me aconsellas que me agoche?”* O anxo respondeu: *“agóchate no corazón humano”*. *“É o único lugar onde eles non miran nunca!”*

***Ten razón este anxo? Que é mirar no corazón?  
Que persoas viven xa no teu corazón?***

**2. XULGAR: Deus quere vivir no teu corazón**

-No evanxeo de hoxe, o último de Pascua, Xesús revela aos seus amigos: *“O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e viremos a el e faremos morada nel”*.

**QUE NOS QUERE DICIR?** Deus quere ser o noso motor e guía.

-**Deus (Pai Fillo e Espírito Santo) quiere habitar**, vivir no noso corazón... *Se o amamos el habitará en nós.* No noso corazón é onde quiere vivir, non nunha casa de pedra.

+ **Deus habita no que lle ama e garda a súa Palabra.** *Se o queremos e gardamos a súa Palabra el tomará as rendas da nosa vida, conduciranos e encheranos da verdadeira vida, a vida divina, encheranos da súa forza e actuará en nós.*

+ **A palabra é Xesús e resoa polo Espírito.** *Le cada día a Palabra de Deus, medítaa no teu corazón como María e o Espírito faraa resoar na túa vida cambiando a túa forma de ser, de actuar, de ser cristián.*

***Que vos suxire todo isto a vós?***

### **3. ACTUAR: Deixa vivir a Deus en ti**

--Busquemos momentos para ocuparnos da nosa **vida interior**, o silencio, a oración, todo o que nos axuda a que Xesús viva de verdade no meu corazón.

-Evítade os insultos, as faltas de respecto, pois no outro **habita Deus.**

-**É o día do Enfermos:** preparade algún detalle para cos enfermos da parroquia; flor, a oración do enfermo, unha frase como: “a túa parroquia reza por ti e recórdate na túa enfermidade. Poderíase facer tamén a celebración comunitaria da Unción tras unha axeitada preparación.

***Que detalle preparamos para finalizar o mes da Virxe?***

# A PALABRA

**Feitos dos Apóstolos 15, 1-2. 22-29: *Temos decidido, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables.***

Habéndonos decatado de que algúns de aquí, sen encargo noso, tenvos alborotado coas súas palabras, desconcertando os vosos ánimos, decidimos, por unanimidade, elixir a algúns e enviárvolos cos nosos queridos Bernabé e Paulo, homes que entregaron a súa vida ao nome do noso Señor Xesucristo. Mandámosvos, pois, a Silas e a Xudas, que vos referirán de palabra o que segue: decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables: que vos absteñades de carne sacrificada aos ídolos, de sangue, de animais estrangulados e de unións ilexítimas. Faredes ben en apartarvos de todo isto. Saúdos».

Palabra do Señor

**Salmo 66:**

**Oh, Deus, que te loen os pobos, que todos os pobos te loen.**

**Apocalipse 21,10-14.22-23: *Amosoume a cidade santa que descendía do ceo.***

**Xoán 14, 23-29: O Espírito Santo iravos lembrando todo o que vos dixen.**

**Narrador:** *Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:*

**Xesús:** *-«O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e **viremos a el e faremos morada nel**. O que non me ama non garda as miñas palabras. E a palabra que estades oíndo non é miña, senón do Pai que me enviou.*

*Faleivos disto agora que estou ao voso lado, pero o Paráclito, o Espírito Santo, que enviará o Pai no meu nome, será quen volo ensine todo e vos vaia recordando todo o que vos dixen.*

***Déixovos a paz, douvos a miña paz:** non vola dou eu como a dá o mundo. Que non se turbe o voso corazón nin se acovarde. Oístesme dicir: “Voume e volvo ao voso lado”. Se me amásedes, alegrariádesvos de que vaia ao Pai, porque o Pai é maior ca min. Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que cando suceda creades».*

*Palabra do Señor*

*(Narrador-Xesús)*